

Expediente núm.: 564/2021

Procedemento: Aprobación bases concurso de fotografía.

## **BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA: Salceda contra a violencia de xénero #Salcedafoto25N**

### **1. ORGANIZACIÓN DO CONCURSO**

O Concello de Salceda organiza e convoca o I Concurso de Fotografía contra a Violencia de Xénero co que pretende sensibilizar á cidadanía e enviar unha mensaxe de repulsa contra esta violencia exercida contra as mulleres por parte de homes que son ou foron as súas parellas.

Os traballos premiados serán aqueles que teñan contribuído á defensa e difusión dos valores contra a violencia de xénero a través da igualdade. Así, o concurso concíbese como unha ferramenta de sensibilización de toda a sociedade e de todas as idades a través das artes, da creación e, nesta caso, do poder da imaxe.

Este Concurso, con vocación de continuidade no tempo, enmárcase no Programa Diana, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

### **2. OBXECTIVO DO CONCURSO**

- Sensibilizar á cidadanía e denunciar a violencia de xénero en todas as súas formas a través da fotografía.
- Promover a participación da cidadanía de Salceda de Caselas nun concurso de creación fotográfica para que reflexione sobre a violencia de xénero e rexeite todos os comportamentos de desigualdade e discriminación que sustentan esta violencia.

### **3. A QUEN VAI DIRIXIDO**



Poderá participar no Concurso Fotográfico calquera persoa maior de idade que realice unha fotografía coa temática do concurso, respectando os termos e condicións descritos nestas Bases.

#### **4. TEMÁTICA**

As fotografías deben xirar ao redor dalgún dos seguintes temas:

- Contra a violencia de xénero en todas as súas formas.
- Necesidade de apoio emocional e social ás vítimas
- Reivindicación da igualdade como o mellor xeito de loitar contra a violencia de xénero.
- Visibilizar a mulleres superviventes que saíron da espiral da violencia como unha mensaxe positiva para todas as vítimas e para a sociedade.
- Amosar os recursos existentes para combater a violencia de xénero así como as entidades, as ONG, as asociacións feministas e as e os profesionais que combaten esta lacra.

Non se aceptarán fotografías que supoñan a intromisión nos dereitos e dignidade das persoas.

#### **5. PRAZO E MODO DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS**

Pódense presentar fotografías entre o 15 e o 28 de novembro. As fotos enviaranse ao enderezo electrónico do Concello: [igualdade@salcedadecaselas.gal](mailto:igualdade@salcedadecaselas.gal) co asunto "I Concurso de Fotografía contra a Violencia de Xénero".

As imaxes deberán ser necesariamente orixinais e inéditas non ter sido premiadas noutros concursos nin publicadas previamente.

No correo electrónico deberanse incluír os seguintes datos:

- Título da fotografía
- Nome, apelidos, domicilio, teléfono, email e nº de DNI do autor ou autora.
- Idade
- D.N.I



A participación no Concurso supón a aceptación total das bases do mesmo.

## **6. DESENVOLVEMENTO**

Para participar no concurso deberanse cumprir, ademais dos citados, os seguintes requisitos:

- Realizar unha fotografía en cor ou branco e negro con algunha das temáticas propostas.
- Poderase participar como máximo con dúas fotografías que se enviarán exclusivamente en formato dixital.
- O gañador ou gañadora darase a coñecer o día 3 de decembro coa publicación da súa fotografía e nome a través das redes sociais do Concello.
- A fotografía gañadora será elixida por un xurado que escollerá a obra premiada entre as preseleccionadas que se publicarán nas redes sociais do Concello (Facebook e Instagram), o 30 de novembro co hashtag: #SalcedaFoto25N (pode ir algún máis) para que poidan ser compartidas polos/as autores/as e o público en xeral.

## **7. PREMIO DO CONCURSO**

1. O autor ou autora da fotografía seleccionada recibirá como premio unha tablet.

A súa obra será a imaxe que utilizará o Concello en posteriores accións contra a violencia de xénero e editarase en formato físico.

O Concello poderá exhibir as obras preseleccionadas polo xurado en formato físico nalgunha instalación municipal.

2. Darase tamén un recoñecemento especial á fotografía que máis “gústame” obteña nas redes sociais do Concello.

## **8. O XURADO**

A obra premiada será elixida por un xurado paritario con persoas expertas en fotografía e igualdade:



- 2 persoas representantes do Concello de Salceda, da área de Cultura e de Igualdade.
- 1 representante da Deputación de Pontevedra.
- 1 persoa experta en igualdade.
- 1 persoa experta en imaxe e comunicación audiovisual.
- 1 persoa experta en fotografía.

A decisión do xurado é inapelable.

## **9. ACEPTACIÓN DAS BASES E CESIÓN DE USO DAS OBRAS**

Coa súa participación no Concurso, as persoas aceptan as presentes bases e ceden gratuitamente as fotografías preseleccionadas ao Concello de Salceda, quen poderá utilizalas citando a autoría para a súa difusión en redes sociais, páxina web, exposicións e edicións de material impreso ou dixital.

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

